

PROCESOS BÁSICOS 3º TRIMESTRE. ÁREAS TRONCAIS.

Curso 2019/20

Polas características do 1º nivel de primaria o traballo xeral céntrase nos PROCESOS de afianzamento das técnicas instrumentais de lectura escritura e cálculo. Os CONTIDOS das asignaturas limítanse a organizar conceptos básicos de temáticas moi cercanas ao alumnado e das que todos e todas teñen un coñecemento inicial. Unha vez que acadan a lectoescritura non amosan ningún problema en afrontar os contidos previstos que de seguido resumimos sendo capaces, ademáis, de buscar información e profundizar nos mesmos.

Parécenos interesante continuar coas tarfas integradas pois abordan diferentes disciplinas a un tempo e favorecen un tipo de pensamento que supera á realización de certos exercicios mecánicos que proponen os libros de texto.

CONCEPTOS A TER EN CONTA

CIENCIAS NATURAIS:

TEMA 7: COÑECEMOS OS MATERIAIS. De que están feitas as cousas? Observamos todo o que nos arrodea. Identificamos materiais moi diversos. Reciclamos materiais.

TEMA 8: UTILIZAMOS MÁQUINAS. As máquinas axúdannos. Distintos tipos de máquinas: simples e compostas. O ordenador. Usos do ordenador.

TEMA 9: ANIMAIS EN PERIGO. Cuidamos os animais. Protexemos a natureza.

CIENCIAS SOCIAIS:

TEMA 7: O AIRE E A AUGA. O aire está en todas partes. Como é a auga. A auga e a natureza. Descubrir o aire e a auga como elementos esenciais para a vida.

TEMA 8: COÑECEMOS A NATUREZA. Que tempo vai? As catro estacións. A paisaxe cambia.

TEMA 9: A TERRA O NOSO PLANETA. A terra e o sol. O día e a noite. A lúa e as estrelas. O calendario.

MATEMÁTICAS:

A) ESPAZOS E FORMAS:

- O centímetro. A regra para medir pequenos obxectos.
- Liñas poligonais: Polígonos básicos: cuadrado, triángulo, rectángulo, rombo, pentágono. Os lados e os vértices dos polígonos.
- Corpos xeométricos de tres dimensións (cubo, prisma, pirámide, cono, cilindro, esfera..). Buscar esas formas na vida cotiá.
- A masa: o quilo (pensar nun quilo de azucre..)
- A capacidade: o litro (pensar unha botella de auga..)
- Lateralidade: Orientarse nos puntos cardinais
- Xiros. Descubrir o leste asociado ao punto por onde sae o o sol.

B) NUMERACIÓN:

- Números ata 99. Posible ampliación ata o concepto de centena e números de tres cifras.
- Lectura e escritura, descomposición, ordenación. ($<=>$)
- Os números ordinais.
- Cálculo Mental.
- Sumas levando. Se a suma dá un Nº entre 10 ou 20, levamos o 1 para a fila das decenas, por iso dicimos “levo 1” (para a fila das decenas).
- Propiedade Conmutativa da suma ($5+7 = 7+5$)
- O reloxo. As horas en punto. As horas e media. Posible ampliación.
- Gráficos de barras. Analizar datos sinxelos.

C) SOLUCIÓN DE PROBLEMAS

- Problemas de suma ou resta.
- Supostos sobre situacións da vida cotiá.

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

A) ESCOITAMOS E FALAMOS:

- Rutinas (falar do día a día).
- O conto (escoitar e interiorizar).
- A conversa (interactuar).
- A descrición (decir como é algo).
- A dramatización (interpretar unha situación).

B) LEMOS E ESCRIBIMOS:

- A oración. Formamos frase e fixámonos nas accións que se fan.
- A descrición. Escribimos sobre como é algo.
- O conto; texto narrativo. Secuenciamos o que pasa ao principio e o que pasa despois. Escribimos un suceso curto real ou imaxinario.
- Frases máis longas có enlace Y/E: “Vou ao cine e despois tomaréi algo cos amigos”.

C) REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA:

- Concordancia suxeito e verbo nunha oración.
- Norma ortográfica: M antes de P e B.
- Uso das maiúsculas en nomes propios e despois de punto.
- Os tempos verbais: Presente, pasado e futuro.